

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de setembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de setembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1023).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1024).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: EXPEDIENTE “ADQUISICIÓN DE 1.600 ENTRADAS PARA OS PARTIDOS DO RC CELTA DE VIGO. TEMPORADA DEPORTIVA 2014-2015”. EXPTE. 13337/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 18.09.14, dáse conta do informe-proposta do 19/09/14, da xefa do servizo de Contratación, asinado polo xefe do servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real

Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do día 17 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar na tempada deportiva 2014-2015, no seguinte orde decrecente:

1. REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

-Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

-A documentación esixida na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares para acreditar a personalidade xurídica, a representación, a solvencia económica e técnica”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de setembro de 2014, e presenta a documentación requirida na mesma data, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato ó mesmo.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle o xefe do servizo xestor ou o responsable do contrato xunto co secretario/a da mesa de Contratación do Concello (cláusula 10 do PCAP). A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de

conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista das actuacións que constan no expediente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada polo REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, a sazón único licitador neste procedemento por ser o único capaz de ofertar as entradas obxecto do mesmo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar ó REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 por un prezo total de 169.400 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ó IVE de 29.400 euros, pola compra de 1.600 entradas por partido para un mínimo de 20 partidos, o que fai un total de 32.000 entradas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(1025).- RESOLUCIÓN EXPEDIENTE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR CURSO 32014-2015. EXPTE. 93407/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/09/14, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/14, da técnica do servizo, conformado pola xefa do mesmo, polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

“Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións e réxime de avaliación individualizada, das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2º etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo – curso 2014-2015.

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25 de abril de 2014 (BOP núm. 89 do 12 de maio de 2014), convócanse subvencións e réxime de avaliación individualizada dirixidas ás familias das/os alumnas/os de centros docentes públicos o privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2014-2015 para libros, material escolar e comedor.

Segundo.- Tramitados os expedientes conforme o disposto nas bases da convocatoria, pola comisión de valoración designada ao efecto, elevouse proposta de resolución, achegando a acta da citada comisión de día 2 de setembro.

Terceiro.- Que existe crédito para facer fronte ao gasto de 80.000,00€ para as axudas de libros e material escolar dos alumnas/os de educación infantil (2ª etapa, 3, 4 e 5 anos) para o curso 2014-2015, con cargo a partida orzamentaria núm. 2310.4810000 A 201400026283 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada 2080 5000 67 3110242616 do departamento de Benestar Social.

*Cuarto.- Que existe crédito para facer fronte do gasto de 920.000,00€ para axudas de comedor curso 2014-2015 con cargo a partida orzamentaria núm. 2310.4810000.
Exercicio 2014 A-núm. 2014.000.26284 (303.000,00€)
Exercicio 2015 AFUT. 2014.000.26286 (617.000,00€)*

Ámbalas dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de benestar social.

Quinto.- Na información que obra no poder do departamento de Benestar social despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a base 12 da convocatoria .

Polo exposto anteriormente, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1.-Axudas municipais escolares de libros e material escolar curso 2014-2015:

1.1.-Aprobar a concesión de 1000 alumnas/os das axudas de libros e material escolar, que reunen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007de subvencións de Galicia, asemesmo, cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria existindo orzamento para a súa concesión.

Achéganse no listado adxunto Anexo I que comenza por Villar Barreiro, Ruth María cunha renda per cápita anual de -3.300,00€, e remata por Otero Román, Laura cunha renda per cápita anual de 2.943,22€

As subvencións pagaranse con cargo a partida 2310.4810000 "becas libros e comedor", documento contable A-núm. 2014.000.26283 (80.000,00€). mediante libramenta a xustificar que se ingresará na conta habilitada 2080 5000 67 3110242616 do departamento de Benestar Social

A contía a pagar por alumna/o será de 80,00€.

1.2.-Aprobar a denegación de 696 alumnas/os das axudas de libros e material escolar que se achegan no listado adxunto Anexo I e comenza por Carballo Vila, Teresa e remata por Chao Touceda, María Yolanda, reseñando en cada un deles o motivo da súa denegación.

1.3.- Aprobar a lista de espera das/os 405 alumna/os das axudas de libros e material escolar, do listado adxunto Anexo I que comenza por Díez Montes, Sheila cunha renda per cápita de 2.944,57€ e remata en Parada Coto, Marcos Javier, cunha renda per cápita de 4.791,65€.

2.-Axudas municipais escolares de comedor curso 2014-2015:

2.1.-Aprobar a concesión de 2387 alumnas/os para as axudas municipais de comedor que reunen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención

segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, asemesmo, cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria existindo orzamento para a súa concesión.

Achéganse no listado adxunto Anexo II que comenza por Villar Barreiro, Ruth María, cunha renda per cápita anual de -3.300,00€, e remata por Fernández Montenegro, Yolanda, cunha renda per cápita anual de 3.548,25€.

A contía máxima por beneficiario será de 41,00€ alumna/o mes

As subvencións pagaranse con cargo a partida 2310.4810000 "becas libros e comedor", documento contable

exercicio 2014 A-núm. 2014.000.26284 (303.000,00€)

exercicio 2015 AFUT. 2014.000.26286 (617.000,00€)

Ámbalas dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do departamento de benestar social.

2.2.-Aprobar a denegación de 1563 alumnas/os para as axudas municipais de comedor que figura no listado adxunto Anexo II que comenza por Carballo Vila, Teresa e remata por Chao Touceda, María Yolanda, reseñando en cada un deles o motivo da súa denegación.

2.3.- Aprobar a lista de espera das/os 416 alumna/os das axudas de comedor, do listado adxunto Anexo II que comenza por Sieiro Fernández, Elva María cunha renda per cápita de 3.550,41€, e remata en Parada Coto, Marcos Javier, cunha renda per cápita de 4.791,65€.

3.- Aprobar a denegación das solicitudes de libros, material escolar e comedor que se reseñan a continuación. As devanditas solicitudes non figuran en ningún dos anexos que se reseñaron con anterioridade dada a imposibilidade da súa informatización no módulo específico de axudas municipais escolares por pertencer as/os solicitantes a outros Concellos

Nome e apelidos do solicitante	Nome e apelidos do alumna/o	Solicita	Motivo
Mª Consuelo Rodríguez Carrera	Olaia Vila Rodríguez Xoán Vila Rodríguez	Comedor Libros e comedor	Non estar empadronados nin residir en Vigo
Mª del Carmen Fernández Rivera	Minerva Blanco Fernández Hugo Blanco Fernández	Comedor Comedor	Non estar empadronados nin residir en Vigo
Mª Rosa Rodríguez Campos	Carmen Rodríguez Campos	Comedor	Non estar empadronados nin residir en Vigo
Marta Lamas Campos	Alicia Domínguez Lamas	Libros e comedor	Non estar empadronados nin residir en Vigo

4.- Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria (Anexo III) no taboleiro de anuncios do Concello, nos centros de servizos sociais (Unidades Básicas de Acción Social) e na páxina web do Concello. Asemesmo, comunicáraselle a resolución a todos os solicitantes das axudas mediante de sms ao seu móbil.

5.- Aprobar as cuantías das axudas de comedor, dos centros docentes públicos ou privados concertados que participan no programa municipal das axudas de comedor Anexo IV."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.